

SUBVENCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO 2010

BENEFICIARIOS:

Poderán ser beneficiarios desta subvención as persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en **traballadores/as autónomos/as ou por conta propia** en calquera das formas seguintes:

- Como titular único do negocio (empresario individual autónomo).
- Como cotitular do negocio (en Sociedade Civil/Comunidade de Bens), solicitándoas a título persoal.

REQUISITOS:

- Darse de alta no réxime de autónomos, noutro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou na mutualidade do colexio profesional.
- Non ter recibido subvencións ao abeiro deste programa nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade.
- Non ter desenvolvido como traballadores autónomos a mesma ou similar actividade¹ na mesma localidade, nos 6 meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade; nin estar de alta como traballadores/as autónomos/as en calquera réxime da S. Social ou en colexio profesional sempre que a dita situación de alta presupoña actividade, nos tres meses inmediatamente anteriores.

TIPOS DE AXUDA:

1. **Subvención polo establecemento como traballador/a autónomo/a**, durante o inicio da actividade uns ingresos mínimos, sempre que se acredite un investimento en inmovilizado material ou intanxible² non inferior a 3.000 €³ (excluído o IVE e outros impostos recuperables). As contías, dependendo dos colectivos, serán as seguintes:
 - a) 5.000 €, para desempregados en xeral
 - b) 6.000 € para mozos desempregados de 30 ou menos anos.
 - c) 7.000 € para mulleres desempregadas
 - d) 7.500 € para emigrantes retornados/as, traballadores/as procedentes de empresas en crise, desempregados/as de longa duración e persoas que esgotasen a prestación por desemprego.
 - e) 8.000 € para desempregados con discapacidade, ou de colectivos en risco ou exclusión social.
 - f) 10.000 € para mulleres desempregadas con discapacidade ou en risco ou exclusión social.

So será posible aplicar a contía da subvención respecto dun deles.

Prazo: Dous meses dende a data de alta na Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional e, en todo caso, sempre antes do 30 de xuño de 2010.

A ter en conta:

- O investimento deberá realizarse entre os 3 meses anteriores ao inicio da actividade e os 6 meses posteriores.
- Para a xustificación do investimento será necesario aportar facturas e xustificantes bancarios do pagamento das mesmas.

2. **Subvención financeira de redución de xuros** de préstamos necesarios para a constitución como traballador/a autónomo/a, tendo en conta que, como mínimo, o **75%** do préstamo debe destinarse a financiar investimentos en inmovilizado material ou intanxible, podendo xustificarse o 25% restante en activo circulante (mercadorías, materias primas,...).

A subvención, pagadoira dunha soa vez, será equivalente á redución de ata **catro puntos do tipo de xuro** fixado pola entidade financeira⁴ que conceda o préstamo (entidades que teñan subscrito Convenio coa Consellería de Traballo), calculada sobre os oito primeiros anos de vixencia destes.

A subvención financeira terá como límite máximo as seguintes contías:

- a) 5.000 euros, para desempregados en xeral
- b) 6.000 euros para mozos desempregados de 30 ou menos anos.
- c) 7.000 euros para mulleres desempregadas
- d) 7.500 € para emigrantes retornados/as, traballadores/as procedentes de empresas en crise, desempregados/as de longa duración e persoas que esgotasen a prestación por desemprego.
- e) 8.000 euros para desempregados con discapacidade ou de colectivos de risco ou exclusión social.
- f) 10.000 euros para mulleres desempregadas con discapacidade ou en risco de exclusión social

Prazo: Dous meses dende a data de alta na Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional e, en todo caso, sempre antes do 30 de xuño de 2010.

A ter en conta:

- É necesario que o investimento en inmovilizado material ou intanxible non sexa inferior a 3.000 €³ (excluído o IVE e outros impostos recuperables) e se realice entre os 3 meses anteriores ao inicio da actividade e os 6 meses posteriores.
- O préstamo deberá formalizarse entre os 3 meses anteriores ao inicio da actividade e o 30 de setembro de 2010.
- Para a xustificación do investimento non se admitirá a adquisición de bens usados, agás no suposto de traspaso de negocios. Ademais é necesario aportar facturas e xustificantes bancarios do pagamento das mesmas.

3. **Subvención para asistencia técnica**, co obxecto de financiar parcialmente servizos externos para mellorar o desenvolvemento da actividade empresarial, así como estudos de viabilidade, de organización, de comercialización, etc.

A contía da subvención será do **75% do custo dos servizos**, ata un máximo de 1.000 euros.

Prazo: Dous meses dende a data de alta na Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional e, en todo caso, sempre antes do 30 de xuño de 2010.

A ter en conta:

- Deberá acreditarse a necesidade da asistencia técnica.
- Os servizos deberán iniciarse e desenvolverse nos 3 meses anteriores ao inicio da actividade e nos 6 meses posteriores debendo acreditarlos con factura e pago antes do 31/10/2010.

4. **Subvención para formación** co obxecto de financiar parcialmente cursos relacionados coa dirección e xestión empresarial e novas tecnoloxías da información, na que participe o autónomo/a durante a posta en marcha da empresa.

A contía da axuda será do **75% do custo dos cursos recibidos**, ata un máximo de 3.000 euros.

Prazo: Dous meses dende a data de alta na Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional e, en todo caso, sempre antes do 30 de xuño de 2010.

A ter en conta:

- Serán subvencionables os cursos realizados integramente no período comprendido entre os tres meses anteriores e os seis meses seguintes ao inicio da actividade, debendo acreditarlos con factura e pago antes do 31/10/2010.

5. **Axuda excepcional para o financiamento dos primeiros gastos da actividade**. Serán subvencionables os gastos pola compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, gastos de constitución, publicidade, arrendamento do local, de maquinaria e de equipos informáticos e seguros do local.

A contía máxima desta axuda será de:

a) Ata 2.000 euros para:

- a.1 Mozos desempregados de 30 ou menos anos
- a.2 Mulleres desempregadas
- a.3 Persoas desempregadas de 45 anos ou máis anos de idade
- a.4 Persoas traballadoras demandantes do primeiro emprego
- a.5 Persoas desempregadas que rematen o seu itinerario personalizado de inserción nunha ocupación directamente relacionada coa actividade da empresa

Os traballadores/as autónomos/as e profesionais incluídos/as no número anterior, agás na letra F, cuxa actividade empresarial ou profesional teña o seu domicilio fiscal nun concello rural⁵, terán un incremento na contía máxima desta subvención de ata 1.000 euros.

b) Ata 3.600 euros para:

- b.1 Persoas desempregadas de longa duración e/ou persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego
- b.2 Persoas desempregadas pertencentes a algún colectivo en risco de exclusión social
- b.3 Persoas con discapacidade

Prazo: Dous meses dende a data de alta na Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional e, en todo caso, sempre antes do 30 de xuño de 2010.

A ter en conta:

- Serán subvencionables os gastos realizados integramente no período comprendido entre os tres meses anteriores e os seis meses seguintes ao inicio da actividade, debendo acreditarlos con factura e pago antes do 31/10/2010.
- Non serán subvencionables os gastos referidos aos domicilios particulares das persoas solicitantes da axuda.

6. **Subvención pola primeira contratación indefinida** coa finalidade de apoiar a consolidación dos seus proxectos empresariais sempre que realicen a contratación cunha persoa desempregada inscrita no SPE ou a transformación dun contrato temporal en indefinido, durante o primeiro ano de actividade, desde a data de inicio que conste na declaración de alta no censo.

A contía da subvención será:

- a) 4.000 euros pola contratación indefinida dunha persoa desempregada en xeral
- b) 5.000 euros pola contratación indefinida dun mozo desempregado de 30 ou menos anos.
- c) 5.000 euros pola contratación indefinida dunha muller desempregada
- d) 5.600 euros pola contratación indefinida dunha moza desempregada de 30 ou menos anos
- e) 6.000 euros pola contratación indefinida dunha persoa desempregada que esgotase a súa prestación por desemprego, desempregada de longa duración, emigrante retornada, con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.
- f) 2.000 euros pola transformación dun contrato temporal en indefinido. Esta contía será de 2.500 euros se o traballador é un mozo de 30 ou menos anos e de 3.000 euros se é muller.

En ningún caso a contía desta subvención poderá superar a contía equivalente ao 60% dos custos salariais totais de dúas anualidades da persoa traballadora contratada.

Prazo: Dous meses desde a data de alta en que se inicie a relación laboral ou se produza a transformación do contrato temporal en indefinido e, en todo caso, sempre antes do 30 de xuño de 2010.

A ter en conta:

- A contratación indefinida poderá ser a tempo completo a tempo parcial.
- O contrato indefinido ou a transformación do contrato temporal en indefinido deberá formalizarse por escrito e comunicarse á oficina de emprego

MAIS INFORMACIÓN:

Orde do 22 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2010 do programa para a promoción do emprego autónomo (publicada no **DOG nº 79 de 28 de abril de 2010**).

Na páxina web da xunta; no enderezo electrónico <http://traballo.xunta.es/>

NON ESQUECER:

iii É **IMPRESINDIBLE** FIGURAR COMO DEMANDANTE DE EMPREGO NA OFICINA DE EMPREGO CORRESPONDENTE NO MOMENTO DE DARSE DE ALTA COMO AUTÓNOMO!!!

iii TODAS AS AXUDAS DEBERÁN SOLICITARSE **DESPOIS** DE DARSE O/A BENEFICIARIO/A DE ALTA COMO AUTÓNOMO/A E RESPECTANDO SEMPRE OS PRAZOS !!!

iii A PERCEPCIÓN DESTA AXUDA **OBRIGA A MANTER A ACTIVIDADE (A ALTA COMO AUTÓNOMO) DURANTE UN MÍNIMO DE 3 ANOS**. A XUNTA SOLICITARÁ A DEVOLUCIÓN DAS AXUDAS PERCIBIDAS, NO CASO CONTRARIO (A TOTALIDADE SE A BAIXA É ANTES DOS 2 ANOS)!!

iii SUBVENCIONARANSE AS **ALTAS QUE SE FORMALICEN ENTRE O 16 DE SETEMBRO DE 2009 E 30 DE XUÑO DE 2010**, AMBOS INCLUSIVE. PARA AS ALTAS ENTRE O 16/09/2010 E O 27/04/2010 O PRAZO DE SOLICITUDE REMATA O 30 DE XUÑO DE 2010 !!

Aclaracións:

¹ Entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da CNAE.

² Inmovilizado material ou intanxible: É aquel incluído nos subgrupos 20,21 e 23 do cadro de contas do Plan Xeral de Contabilidade do ano 2007, excluídos os anticipos.

³ No caso de CB ou SC, para a acreditación do requisito do investimento mínimo de 3.000 euros realizado por cada persoa comuneira ou socia solicitante da subvención terase en conta a súa % de participación (*exemplo: nunha CB de dúas persoas na que participan ao 50%, o investimento mínimo necesario da empresa será de 6.000 euros*).

⁴ Condicións dos préstamos acollidos ao convenio da Consellería de Traballo e Benestar formalizados no ano 2010:

- a) O prazo de amortización será de, polo menos, tres anos, e poderá incluír períodos de carencia de amortización do principal.
- b) O tipo de xuro máximo con que se formalizarán os préstamos será o elixido polo solicitante entre as seguintes opcións:
 - Xuro fixo: o 3,23% cando o prazo de amortización sexa de ata cinco anos, ou o 3,63% cando dito prazo sexa superior.
 - Xuro variable: o 3%, independentemente do prazo de amortización. Nesta elección o tipo xuro revisarase cada ano desde a formalización de cada préstamo. O novo tipo resultará de engadir 1,75 puntos ao que se publica no BOE como euríbor a un ano, do segundo mes anterior ao inicio da nova anualidade do préstamo revisado.
- c) As entidades financeiras poderán establecer unha comisión de apertura de ata un 1%.
- d) As entidades asinantes do convenio, nas que se poderán solicitar os préstamos subvencionables son as seguintes:

- BBVA	- Banco Pastor	- Caixa Galicia
- Banco de Galicia	- Banco Santander Central Hispano	- Caja Rural de Zamora
- Banco Etcheverría	- Banco Sabadell Atlantico	- Caixanova
- Banco Gallego	- Banesto	- Caja Madrid
- Banco Popular Español	- Caixa Rural Galega	- La Caixa

⁵ Concello cunha poboación menor de 20.000 habitantes segundo o Padrón municipal de 1 de xaneiro de 2009. (RD 1918/2009)